



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

San Antoniño pequeno  
queda no monte coghando  
a San Antoniño ghrande  
quédallo arrecabando.

Antonio divino Santo,  
quén me dera ter Antonio  
en cada copla que canto.

María Ramo de palma,  
lévoche no corasón  
atravesado na i-alma.

Antoniño, meu Antonio,  
meu rosario de cadeia  
cando vexo meu Antonio  
vex á miña casa cheia.

Costureira non á quero,  
teselana non ma dan,  
a filla do labrador  
teño a coma na man-he.

Amores da costureira  
no no´s queiras, meu irmán,  
que tén as pernas tulleitas  
d´andar arrastro do chan.

Costureiriña bonita,  
a túa agulla picoume,  
como eres bonitiña  
a picada consoloume.

Costureira na costura,  
teselana no tear-e,  
cardadora cardo vello  
xastre tixola i-ó lar-e.

Non te cases cun forreiro  
que che queima cas muxicas,  
cásate cun carpinteiro  
que fai as uchas bonitas.



A muller do sapateiro  
por ben bonita que seia  
siempre tén os dentes negros  
de tirar pola correia.

Sapateiro, corrieiro,  
com ´as tripas dun carneiro  
mal cosidas, mal asadas  
córrelle polas ghaladas.

Pra boas mosas a Cruña,  
Pontevedra para canteiros,  
Lugho pra boas nabiñas  
e i-Ouréns pra sarralleiros.

Fun ó muíño esta noite,  
non moín nin moiñei,  
pedín a sinta do pelo  
ese foi o qu ´eu ghanei.

Fun ó muíño con Paula,  
fun ó muíño con ela,  
fun ó muíño con Paula,  
fun en pas e vin en guerra.

O muíño moi e moi,  
non bota a fariña fóra,  
o ladrón do moiñeiro  
sab ´un cantar que namora.

Dios cho paghe, churrusqueira,  
téñocho d ´agradeser-e,  
cando vou ó teu muíño  
siempre me deixas moer-e.

O señor cura d ´Olveira  
cando vai na presesión  
leva ´a cariña de rosa  
e os guiños de perdigón.

O señor cura d ´Olveira  
vestidiño de marelo,  
na vila de Santiagho  
no hai mellor caballero.



O señor cura d´Olveira  
vestidiño de vermello  
na vila de Santiagho  
non entra millor espello.

O cura a mala criada  
treminaron de coser-e,  
tiña na leña no monte  
a fariña por moer-e.

O cura vendíu a burra  
por lle non da-la sebada,  
aghora vai ós muíños  
a cabalo da criada.

O señor cura non baila  
porque tiene la corona,  
baila, señor cura, baila  
que Dios todo lo perdona.

Tienes camisa planchada,  
por riba cuello de seda,  
por baixo de la pachera  
piollos de cuarta y media.

Desd´a porta do forreiro  
astra ia do maragato  
tod´é piollos miúdos  
e pulghás coma sapatos.

/:Por Vilariño arriba:/  
suspirei, botei un ai,  
Vilariño, viv, viva.

Eu pasei polo Vilariño  
por Vilariño cantando  
as nenas de Vilariño  
quedan no río lavando.

Miña nai tén tres ovellas  
todas tres mas ha de dar-e,  
unha sega e outra cosa  
e outra sa non pod´andar-e.

Miña nai por me casar-e  
afresiume canto tiña  
aghora de casadiña  
paghoume cunha ghaliña.